

**NOTA INFORMATIVA RELATIVA AOS GASTOS
DE TRIBUNAIS E COMIÓNS DE SELECCIÓN
DE PRAZAS DE PROFESORADO NA UVigo QUE
ASUMIRÁ A XERENCIA**

Ás persoas que desempeñen os cargos da presidencia e secretaría dos tribunais e comiós de avaliación para a selección do PDI, infórmase que os gastos para cubrir asistencias e indemnizacións por razón do servizo deberán atender aos seguintes criterios:

**1. TRIBUNAIS DE SELECCIÓN DE PRAZAS DE CATEDRÁTICOS/AS E
PROFESORES/AS TITULARES DE UNIVERSIDADE**

Autorízase o abono como máximo de dúas asistencias, unha delas de carácter presencial.

Concordando co anterior, o importe máximo dispoñible para cada tribunal en concepto de indemnizacións por razón do servizo (dietas, gastos de viaxe, aloxamento e manutención) será de 1.500,00 €.

**2. COMIÓNS DE ACCESO ÁS PRAZAS DE PROFESORES/AS
PERMANENTES LABORAIS (PPL)**

Autorízase o abono dun máximo de dúas asistencias. As ditas asistencias celebraranse telemáticamente; xa que logo, non se autorizarán gastos en concepto de indemnización por razón de servizo (dietas, gastos de viaxe, aloxamento e manutención).

Para o caso de que ningún dos membros do órgano avaliador sexa persoal da Universidade de Vigo, será responsabilidade da dirección do departamento dar fe de que a defensa realízase de xeito correcto, asegurando así mesmo a presencialidade dos candidatos/as.

**3. COMISIÓN PARA A SELECCIÓN DE PROFESORADO AXUDANTE
DOUTOR**

Autorízase o abono dun máximo de dúas asistencias. As ditas asistencias celebraranse telemáticamente; xa que logo, non se autorizarán gastos en concepto de indemnización por razón de servizo (dietas, gastos de viaxe, aloxamento e manutención).

Para o caso de que ningún dos membros do órgano avaliador sexa persoal da Universidade de Vigo, será responsabilidade da dirección do departamento dar fe de que a defensa realízase de xeito correcto, asegurando así mesmo a presencialidade dos candidatos/as.



As Unidades de apoio a centros e departamentos iniciarán o expediente que será tramitado polo Servizo de Xestión Económica e Contratación, previa comprobación de que son respectados os anteditos límites, e finalmente serán autorizados pola Xerencia.

Yolanda Lesmes Romero

Adela Sánchez Moreiras

Xerenta

Vicerreitora de Profesorado e
Ordenación
Académica

Documento asinado electronicamente

